

Barbanza nas nosas letras



Coordinadora de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística de Barbanza



Texto de literatura fantástica cunha forte pegada realista, inzado de referencias literarias e mitolóxicas, e a reinvenção de personaxes como o Galteiro Manfred (que toca muiñeiras de auga para que lle leven a tritura).

O tesouro da Lagoa de Reid's
Agustín Agra. Xerais.



No mes de setembro de 1927 María Mariño e mais a súa familia deixan a rúa Cega de Noia para se mudaren ao lugar de Escarbote (Boiro), preto do pazo de Goiáns. A partir deste feito da biografía da poeta, esta novela tece historia, lenda e imaxinación.

A voz do lago
Antón Riveiro Coello. Ed. Galaxia.



Relato histórico baseado no afundimento do vapor correo Sta. Isabel fronte ás costas de Sálvora en xaneiro de 1921.

A canción de Sálvora
Antón Riveiro Coello. A Nosa Terra.



A colección de banda deseñada *Os barbanzóns* de Pepe Carreiro ten ata o momento tres títulos que relatán as aventuras do clan castrexo habitante de Baroña. Os Barbanzóns vivirán aventuras tanto na súa terra como nas dos seus amigos irlandeses.

Os barbanzóns
Pepe Carreiro. Toxosoutos.



Na fraga de Bentraces vive Raruxa, unha bruxa particular e herdeira dunha maldición familiar que a fai fermosa e amable.

Premio Barco de Vapor 2007.
Unha bruxa ben rara
Carlos Mosteiro. SM.



A natureza é a protagonista de *Na praia dos lagartos*. A poeta escolle na flora e na fauna aqueles elementos con maior presenza, ás veces non toda a desexada, na paisaxe galega.

A Praia dos Lagartos
Helena Villar Janeiro. Ed. do Castro.



As Aventuras de Tras Mallo, con dous volumes, o primeiro ambientado en Rianxo, e o segundo, no que o protagonista se atopa coa Santa Compañía.

Tras Mallo
Gochi & Juan Martín. Lugami A.G.



Tres títulos da colección *Os bolechas descubren a natureza* que se centran na descuberta da paisaxe, flora e fauna do medio mariño. En todos eles combínase a ilustración de Pepe Carreiro coa fotografía do medio natural. *As dunas de Corrubedo* é unha visita ao parque natural de Corrubedo da man dos Bolechas.

Colección *Os bolechas descubren a natureza*
Pepe Carreiro. A Nosa Terra.



Aventuras dos máis cativos habitantes do castro de Baroña, que terán que axudar aos seus amigos de Porto Baixo e Neixón. O ladrón de mel, Farrapos de seda e Castañas con porco bravo.

Os pequenos barbanzóns
Pepe Carreiro. Toxosoutos.



Un libro de poemas escrito por dous autores que fixeron do Barbanza a súa segunda residencia. Un libro cheo de música. Nel escóitase o vento. Na voz do vento todos os seres do mundo contan algún anaco da súa vida. Os animais, as plantas, a lúa, o sol...

Dona e Don
Helena Villar Janeiro e Xesús Rábade Paredes. Editorial Galaxia



Miguel ten oito anos e anda moi nervioso coa chegada dos Reis Magos. Todos cren que é un pouco parvo, máis el sabe mo ben que de parvo non ten nada, pois dáse conta de moitas cousas, e serías, que pasan ao seu redor. Ademais ten un segredo: gustarlle ter un unicornio rosa.

Ese unicornio rosa
Carlos Mosteiro. Tambre.

